



Avda. Finisterre, 25 -8 izda
15004 A Coruña
www.orquestacg.com
ocga@orquestacg.com
655.217.941/625.923.026

X FESTIVAL GROBA

Nota de prensa

O X Festival Groba continúa os concertos diarios de balde, abertos a toda a ciudadanía.

A estrea absoluta da suite de Rogelio Groba “Danzas antiguas” como parte do repertorio do concerto adicado a Pepe Represas, será protagonista no Convento de Canedo, as 21:00 horas do martes 16 de agosto.

No cuarto día do Festival Groba, a Orquesta de Cámara Galega interpretará dos obras nun concerto adicado á memoria do Alcalde de Ponteareas, Pepe Represas. Comenzará coa Simple Symphony, de Benjamin Britten e a estrea absoluta de Danzas Meigas de Rogelio Groba.

Continuamos así cunha edición que recupera o ritmo vertiginoso de ediciones anteriores á pandemia.

O pasado domingo, durante o segundo día do festival, intérpretes de Portugal (Adriana Ferreira, frauta), Siberia (Rimma Benyumova violín), Galicia (Pablo Vidal violín, Israel (Kyril Zlotnikov), Finlandia (Erinys Quartet) e Xapón (Karen Gomyo), mixturáronse para interpretar cinco concertos con distintas formacións de cámara que colmaron o convento de Canedo de maxia con música de Boccherini, Haydn, Bartok, Adams, Piazzola e o mestre Groba.

A noite do luns, o trío formado por Rogelio Groba (violín), Gema Arias (piano) e Alba Reirís (cello) interpretarán a obra Presamarcos, unha obra que pertence ó ciclo etnográfico Galicia Anterga que xurde dunha revisión homónima do mestre Groba do seu ciclo creado no 1987 para voz e piano. Esta versión naceu por encargo do Centro para a Difusión da Música Contemporánea do Ministerio de Cultura.

O quinteto con clarinete en La K 581 de Mozart a cargo do Erynis Quartet e Horacio Ferreira e o Piano Trío nº 1 op 8 de Shostakovich interpretada por Karen Gomyo, Kyriil Zlotnikov e Marianna Prjevalskaya completaron unha noite máxica cun público absolutamente entregado desde o primeiro acorde.

Todos os concertos do Festival Groba son de balde, con entrada libre ata completar aforo e ás 21:00 horas e pechará o 19 de agosto na Feira Vella.

Adxunto fotografías das solistas así da orquestra. (Fotos de José Peixoto)

www.orquestacg.com